

EXPEDIENTE: 2025/E001/000005

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN/NOMEAMENTO, CON CARÁCTER TEMPORAL, DE PERSOAL TÉCNICO/AXENTE DE IGUALDADE DE XÉNERO.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, CONVOCATORIA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATA DA FASE DE OPOSICIÓN.

Logo de ver o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade de xénero do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas pola Resolución da alcaldía núm. 274/2025 do 17/06/2025.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xuño de 2025 (BOP núm. 118) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Por Resolución da Alcaldía núm. 498/2025 de data 23/09/2025, resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 29/09/2025 resulta que, rematado o prazo para a presentación de reclamacións e/ou emendas contra o listado provisional, foron presentadas as seguintes, a efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

APELIDOS E NOME	NÚM. REXISTRO	DATA REXISTRO
Elena Eiras Espiñeira	202599900000859	25/09/2025
Elena Eiras Espiñeira	202599900000860	25/09/2025
María José Rois Méndez	202599900000863	26/09/2025

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións e/ou emendas de defectos contra a resolución que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas (base quinta, punto 1), comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar **definitivamente admitidas** no proceso de selección ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade de xénero do Concello de Dodro.

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4	ADMITIDA-O/EXCLUÍDA-O
Lobato Rodríguez, Belén	***561***	Si	Admitida
Tilve Pérez, Sandra	***169***	Si	Admitida

Lazo Fuentes, Xiomara Erlinda	***564***	Si	Admitida
Bernardez Rodal, Raquel	***131***	Si	Admitida
Calviño Beiroa, Adriana	***084***	Si	Admitida
Mosconi Cadillo, Ana	***810***	Si	Admitida
Domínguez Prieto, Rubén	***667***	Si	Admitido
Otero Rivas, Silvia	***083***	Si	Admitida
Pérez Dávila, Amara	***170***	Si	Admitida
Lareo Neira, Gloria	***077***	Si	Admitida

Segundo.- Declarar **definitivamente excluídas** do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade de xénero do Concello de Dodro, polo sistema de concurso oposición, ás seguintes persoas aspirantes por non ter presentado as reclamacións oportunas ou emendado as causas de exclusión no prazo establecido:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4	ADMITIDA-O/EXCLUÍDA-O
González Moreira, Noelia	***529***	Si	Excluída (Non emendou as causas de exclusión)
Cabaleiro Garcia, Ana María	***745***	Si	Excluída (Non emendou a causa de exclusión)
Eiras Espiñeira, Elena	***272***	Si	Excluída (Non achegar a formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero. Ou a formación non cumpre cos requisitos establecidos na base terceira c da convocatoria)
Boquete Vila, Lorena	***593***	Si	Excluída (Non emendou as causas de exclusión)
Rois Méndez, María José	***128***	Si	Excluída (Non emendou en prazo a causa de exclusión. Bases quinta)

Terceiro.- Designar ao tribunal cualificador que estará compostos polos/as seguintes membros:

Presidenta:

Titular: Araceli Vázquez Vázquez, Técnica en Servizos Sociais do Concello de Dodro.

Suplente: Rosa María Rey Romay, Traballadora Social do Concello de Rianxo

Vogais:

Titular: Lidia Mirón Moares, Educadora Familiar do Concello de Rianxo

Suplente: Julia Blanco Fernández, Técnica de intervención familiar do Concello de Padrón

Titular: Mónica Rodríguez Palacio, traballadora social do Concello de Tordoia

Suplente: María Teresa Arufe Vázquez, Asesora Xurídica de servizos sociais –
Directora do CIM do Concello de Ames

Titular: María Villar Loureiro, Traballadora Social do Concello de Boiro

Suplente: María Lourdes Diéguez Rarís, Orientadora laboral do Concello de Dodro

Secretaria:

Titular: María José Rodríguez Expósito, Técnica de xestión económica do Concello de Dodro.

Suplente: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro

Cuarto.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección para a formación de bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade de xénero do Concello de Dodro para a súa constitución e elaboración do exercicio da fase de oposición o día 25 de marzo de 2026 ás 9 horas no Concello de Dodro (Tallós núm. 32, Dodro)

Quinto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para formación de bolsa de emprego de persoal técnico/axente de igualdade de xénero do Concello de Dodro, ás 11:30 horas do día 25 de marzo de 2026, non Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

A segunda proba da fase de oposición, non será realizada porque as persoas admitidas no proceso selectivo, acreditaron estar en posesión do Celga 4 ou equivalente da lingua galega.

Sexto.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro.

Sétimo.- Notificar a presente Resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe